

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ANUNCIO do 17 de febreiro de 2014, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sobre o comezo do segundo treito do deslindamento (deslindamento parcial, actuación ano 2014) dos montes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Atios, do concello do Porriño.

En cumprimento da Resolución do 7 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, pola que se autoriza a realización do segundo treito do deslindamento parcial (actuación ano 2014) dos montes veciñais en man común pertencentes aos veciños de Atios, concello do Porriño, en uso do disposto polo artigo 49 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que determina o procedemento dos deslindamentos que realice a Administración forestal. Acórdase sinalar o día 23 de abril de 2014 ás 10.00 horas para o comezo das operacións de apeo de linde deste tramo, que serán efectuadas polo enxeñeiro de montes Guillermo Vega Alonso, fixando como punto de encontro o campo de fútbol de Roupeiro. O deslindamento comezará nas proximidades da parcela 36039A02300420, proseguindo ata alcanzar as proximidades da parcela 36039A02200343. Emprázanse os estremeiros e as persoas que acrediten un interese lexítimo para que asistan ao mencionado acto.

Así mesmo, en cumprimento do disposto pola citada Lei de montes de Galicia, ábrese un prazo de trinta días naturais a partir do seguinte ao de publicación deste edicto, para presentar documentación acreditativa da propiedade do monte ou de parte deste. Para estes efectos só se considerará acreditativa de propiedade a titularidade reflectida nos asentamentos do correspondente rexistro da propiedade e, na súa falta, certificados do Catastro. A devandita documentación débese presentar dirixida ao Servizo de Montes no Rexistro da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra (avenida Fernández Ladreda, 43, Pontevedra), ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pontevedra, 17 de febreiro de 2014

Miguel Ángel Pérez Dubois
Xefe territorial de Pontevedra

CVE-DOG: 64a8qf3-twg3-2xr2-dc52-dhnozwtius97

